

Baldomero Iglesias, Mero: “Sobre a lingua”

Publicado o [10 Xaneiro 2011](#) por [asociacionescritoras-es](#)



Artigo de [Baldomero Iglesias, Mero](#), nas [Redes Escarlata](#) e [Galicia Hoxe](#):

“(…) Por certo esa outra lingua, mirade ben, ...esa si que ten algo – moito- xa de imposta e non me remito á miña opinión ou memoria, na que habitan moreas de prexuízos e datos opresivos ao longo da miña vida e da dos meus, senón que así o di a mesma Constitución aínda hoxe. Lean senón, busquen datos. É lingua de obrigado coñecemento e hai o deber de coñecela, ... non quede dúbida algunha (art. 3.1).

Aínda que non é a nosa lingua propia, coidado, non nola vaian meter dobrada como pretenden “aparvados que nos queren facer parvos” ou políticos de turno. De Galicia deriva o galego como consecuencia lóxica, e non o castelán, ...que eses son outros lópeces, ou non? E xa ven que aquela obriga igualitaria, coa que se lles enchen sempre a boca, non é medianamente xusta –de novo queren trocar ouro por lilailas e “baratijas”, ...como se mpre fixeron- e non fan o mesmo raseiro, obrigando e recorrendo ao deber de coñecer a Nosa Lingua, a propia, e poñela no seu sitio con honra e xenerosa consideración, como sería o propio dun estado digno, responsable e considerado, sequera nos seus dominios lingüísticos, ...e despois de tanto tempo de miserias e esquecementos, de débedas e de non saber estar onde lle corresponde, nese lugar onde non existan subordinacións xurídicas para as interpretacións reaccionarias, ese lugar que garantira os deberes análogos ao castelán. Que me permita acceder a min, galego, ao coñecemento do catalán, do éuscaro, do portugués. iso non pasa, aínda hoxe, coa esta lingua na que escribo e coa Carta Magna da que presumen moitos. Igualdade, ... quen te vira!”